

Introducción



Os nosos primeiros pasos lévannos a facer unha pequena definición da produción ecolóxica. Simplemente sinalaremos que a produción ecolóxica se basea en prácticas agrarias que non empregan ningún tipo de elemento químico artificial. Definición que queda moi incompleta se cadra, pero que todos e todas entendemos perfectamente. A denominación de “produción ecolóxica” está regulada por lei, e conta cunha certificación. Pero aquí, non imos limitarnos ao que son as normas legais, senón que falaremos de produción ecolóxica de xeito moito máis amplo.

Nos últimos anos, o concepto de produción ecolóxica está a coller protagonismo nas sociedades occidentais. Este fenómeno exprésase mesmo nas políticas desenvolvidas no seo da Unión Europea, onde se aprecia un incremento do seu protagonismo. No Estado Español, o peso da agricultura ecolóxica non deixa de ser testemuñal no conxunto do sector agrario, aínda que se produza na última década unha evolución notábel. Para algúns analistas, o desenvolvemento da agricultura ecolóxica responde basicamente ao incremento dunha conciencia ecolóxica dos consumidores dos países ricos, en especial nas capas sociais de alto poder adquisitivo, que aceptan pagar máis por produtos máis sáns. Aquí preséntase a agricultura ecolóxica dun xeito máis amplo, coma unha necesidade fronte á situación global do rural galego e dos ecosistemas que conforman o planeta. Dito doutro xeito, a agricultura ecolóxica considerada coma un elemento de resposta fronte aos efectos non desexados da agricultura e gandaría convencionais.

1. OS PROBLEMAS DA PRODUCCIÓN CONVENCIONAL

A produción ecolóxica xorde, basicamente, coma un xeito de oposición ao crecemento da industrialización da produción agraria. Por esta razón, orientaremos o noso camiño polos efectos negativos da produción industrial, un paseo algo longo, aínda que non recolla todas as paisaxes negativas que poida deixar este tipo de produción. Acabamos de introducir a palabra “industrial”, e debemos pararnos a explicar certos termos que imos empregar aquí para non xerar confusión:

- **producción industrial:** unha agricultura que se parece á industria, tal cal. Vacún de cebo en baterías, as naves de polos e pitas etc...
- **producción convencional:** a produción que usa produtos químicos de síntese.
- **producción tradicional:** a produción “de toda a vida”, a que se facía cando non se podían empregar produtos químicos. Non confundir, pois, a produción convencional coa tradicional.
- **producción integrada:** un invento para chamar á produción convencional que respecte a lexislación en vigor e así vender a idea de que protexe o ambiente. Unha agricultura convencional “ben feita” en canto respecta as condicións de uso dos produtos fitosanitarios.

Posto en claro isto, miremos os efectos negativos da produción convencional. Para ser máis concretos, separamos de xeito algo artificial eses efectos negativos en tres dimensións: desde o ámbito ecolóxico ao económico e á dimensión social.

■ 1.1. DIMENSIÓN ECOLÓXICA

A agricultura industrial contamina. Polo menos, parece que varias décadas de ecoloxismo militante conseguiron que a sociedade en xeral admita esta evidencia. Citemos cinco formas de contaminación que xera esta agricultura:

- contaminación por fertilizantes, basicamente polos nitratos, tanto no solo como nas augas, até o punto de tornar as fontes inaptas para o consumo. Estes fertilizantes poden ter orixe química (fertilizantes minerais), pero tamén poden ser o resultado da intensificación da produción, coma no caso da produción gandeira sen terra que xera xurros en exceso.
- contaminación por praguicidas, que chamaremos no seguinte “agrotóxicos”, no solo e nas augas, pero tamén no aire.
- contaminación por material xenético foráneo que pode desequilibrar por completo as poboacións naturais do lugar.

- nun futuro que xa é realidade, contaminación por xenos procedentes do cultivo de plantas modificadas xeneticamente (transxénicos).
- contaminación do aire por CO₂ provocada polo uso do petróleo e derivados e responsábel do efecto invernadoiro, e por outras substancias coma as tristemente famosas dioxinas liberadas cando se queiman os plásticos. Débese ter presente que os combustíbeis fósiles están presentes en toda a cadea da produción de alimentos: desde o transporte dos insumos (fertilizantes, agrotóxicos, sementes, ...) até o consumo do produto (envases de plástico, transporte do produto etc...) pasando pola produción en si (gasóleo, enerxía para facer os agrotóxicos e os fertilizantes, para fabricar os tractores, plásticos etc...).

Se ben isto da contaminación é o primeiro que nos vén a cabeza cando falamos dos efectos negativos da produción agraria industrial, este non é máis que o efecto máis evidente, que oculta o efecto de máis calado que produce esta contaminación: o *desequilibrio dos ecosistemas agrarios*.

Se puideramos observar un anaco de natureza “natural”, non contaminado, veriamos como esta natureza esta nun estado de equilibrio, que lle permite manterse ao longo dos anos e séculos. Neste estado, o ecosistema ten capacidade para automanterse, autorepararse e reciclar os seus residuos. Só unha alteración moi brusca ou de moita amplitude (un maremoto, por exemplo) pode acabar co ecosistema.

Chamemos “agroecosistema” a un anaco de natureza que dedicamos á produción agraria, ou sexa, unha finca agraria. Pois ben, a produción agraria industrial constitúe precisamente unha destas alteración que pode acabar co agroecosistema. Velaí uns exemplos que explicaremos ao longo do noso percorrido:

- a contaminación por fertilizantes modifica fundamente a composición da flora e fauna do solo. Polo tanto, cambia a súa fertilidade natural e a capacidade de mantela. Favorece tamén o establecemento de pragas e enfermidades, por exemplo.

- o uso indiscriminado de agrotóxicos modifica a composición da natureza. Se ben se “matan” a certos inimigos das plantas, tamén se “mata” aos seus depredadores e parasitos naturais, pola súa acción directa contra eles ou ao eliminar os organismos dos que se alimentan. O efecto maior dos agrotóxicos é o de desregular por completo o equilibrio entre pragas e enfermidades e os seus inimigos.
- Mesmo efecto tivo a extensión das prácticas de monocultivo, eliminación de vexetación natural nas beiras, eliminación de sebes.
- A contaminación por animais e vexetais alleos trouxo numerosas pragas e enfermidades, coma no caso, por exemplo, do escaravello da pataca que entrou no Estado Español nos anos corenta do século pasado. Tamén é a responsábel da substitución de especies autóctonas adaptadas aos nosos ecosistemas, co conseguinte risco de modificación da cadea trófica, e polo tanto de aparición de novos problemas.
- O monocultivo repetido modifica as poboacións animais do solo. Afecta aos equilibrios entre alimentos no solo, dado que sempre se extrae da terra os mesmos nutrientes. Coma consecuencia, entre outros, temos solos que van perdendo fertilidade, até mesmo chegar a seren impropios para o cultivo. Dá lugar tamén a unha maior sensibilidade dos cultivos ás enfermidades e pragas
- A mala mecanización, os malos labores, conducen a unha erosión dos solos, sobre todo en zonas secas, e levan a perder solo fértil.

A produción industrial de alimentos é unha grande consumidora de enerxía fósil. Neste xeito de producir, o que se fai é sobre todo transformar a enerxía do petróleo en enerxía consumíbel polos humanos e os animais cunha eficiencia baixa. Simplificando, a produción industrial utiliza moita enerxía fósil que nos vén do pasado e é limitada, e convértea nunha forma que poden assimilar plantas e animais. Fronte a iso, a produción ecolóxica xera enerxía para animais e plantas a partir de fontes de enerxía renovábeis (basicamente a enerxía solar), e con taxas de eficiencia moito maiores.

Finalmente, a produción agraria industrial chega a esgotar recursos naturais. O monocultivo pode levar ao chamado “cansazo do solo”, que deixa de ser produtivo. As malas prácticas de rego e fertilización conducen á contaminación das terras por sales minerais en exceso, e a súa posterior incompatibilidade para usos agrarios. O incremento das necesidades de auga para rego leva ao esgotamento dos acuíferos ou a penetración da auga de mar, deixando inútil un recurso de moito valor.

A maiores dos efectos sobre o medio, a produción agraria industrial ten tamén efectos no eido económico.

■ 1.2. DIMENSIÓN ECONÓMICA

Na dimensión económica, a produción agraria é tanto unha causa de efectos negativos coma unha vítima. O sistema globalizado dominado polo capital obriga aos labregos e labregas do mundo a producir de xeito cada vez máis intensivo. No concreto, isto tradúcese polos efectos seguintes:

- Incremento da dependencia de estados e produtores pobres a través do seu papel como fornecedores de materia prima. Por exemplo, o crecemento da gandaría industrial baséase no uso de alimentación animal barata. Esta alimentación pódena producir terratenentes que explotan traballadores e traballadoras agrícolas sen acceso ás terras para se alimentaren.
- Destrucción das economías deses estados periféricos polas sobreproduccións das zonas ricas. Mediante os sistemas de axudas á exportación, venda por debaixo do custo de produción, ou mesmo alegando “axuda humanitaria”, esas zonas ricas inundan os mercados pobres con produtos moi baratos cos que non poden competir os produtores locais nas zonas pobres, provocando que esas zonas sexan máis pobres e dependentes.
- Incremento da dependencia dos produtores e das produtoras galegas respecto das grandes empresas transnacionais, sexan provedores de insumos (agroquímicos, variedades etc.) ou comercializadores das producións (cantas empresas galegas de transformación do leite quedan no país?).

- A produción industrial caracterízase por unha constante redución dos prezos pagados ao produtor. Isto leva á redución da rendibilidade e pechamento das explotacións máis modestas e/ou máis afastadas dos centros de consumo e de control das producións.
- Incremento do desemprego agrario, crise global do sector agrario.
- Incremento dos problemas ligados ás crises sanitarias da agricultura convencional (vacas tolas ou gripe aviar, por citar só dúas das máis coñecidas na Galiza), que xeran un custo que despois deben asumir os contribuíntes.
- Degradación da paisaxe, fonte nada desprezábel de atracción do turismo, especialmente o turismo rural.
- A produción agraria industrial favorece ás grandes explotacións e despraza as pequenas explotacións.
- A produción intensiva queda protexida nas grandes potencias económicas por un sistema de subvencións que apoia claramente as grandes explotacións e empresas. É xa ben coñecido, por exemplo, que en Europa o 20% das explotacións recibe o 80% das subvencións da Política Agraria Común. Ou que toda Galiza recibe en subvencións menos que as 100 maiores empresas agrarias andaluzas xuntas.

En ligazón cos problemas que acabamos de citar, a produción agraria industrial tamén é fonte de problemas no ámbito social.

■ 1.3. DIMENSIÓN SOCIAL

Existen efectos cada vez máis documentados (maila os esforzos enormes e incesantes do capital para os ocultar) dos efectos negativos da produción industrial sobre a saúde:

- perda de calidades nutritivas dos alimentos, cuxa composición muda. Isto contribúe xunto a outros factores a modificar a dieta de consumidores e consumidoras, e leva a unha degradación moi notábel da saúde pública. De feito, como anécdota, podemos sinalar que nos EEUU as mortes por problemas ligados á obesidade superan as mortes relacionadas co consumo de tabaco.

- Mais os desmentidos repetidos, o nivel de residuos químicos que chega ao noso prato supera non poucas veces os niveis límites establecidos por lei. Coñécese algo dos efectos agudos dos produtos químicos usados na produción agraria industrial, pero existe un descoñecemento moi grande do efecto crónico e acumulativo. Que pasa coa saúde dunha persoa que durante anos consume cantidades mínimas de compostos químicos que non se eliminan do seu corpo? Velaí, por exemplo, estas análises de sangue realizadas aos eurodeputados e eurodeputadas, que descubrían até 80 residuos distintos, mesmo en persoas que só comen alimentos ecolóxicos. O crecemento espectacular das alerxias no primeiro mundo non ten nada que ver coa agricultura industrial?
- Os poucos estudos epidemiolóxicos existentes impiden descartar que as persoas que practiquen a agricultura industrial non tiveran un perfil distinto de enfermidades. Fálase, no mundo industrial, de cambios no tipo de cancros, de cambios na fertilidade dos homes e mulleres.

Xunto con efectos indicados sobre a saúde, a produción industrial altera as sociedades:

- A alteración da paisaxe leva ao empobrecemento do noso patrimonio cultural.
- Desestruturación do tecido económico e cultural das aldeas rurais, éxodo rural e consecuente perda de caracteres propios da sociedade galega. Que dicir da vida nunha aldea rural antes poboada por 100 familias, e onde só queda un par de casas habitadas? Que dicir da desaparición dos sistemas de axuda mutua, máis económicos, nos momentos punta (ensilar, por exemplo), por falla de xente nas aldeas? Que dicir do abandono das escolas, da supresión dos servizos en xeral? Que dicir sobre a dignidade dos labregos e labregas, que desempeñan hoxe en día un dos oficios peor valorados socialmente? Que dicir sobre a imposibilidade de constituír unha familia, simplemente porque non hai parella onde escoller na túa aldea, e na parroquia veciña tampouco?

- Desemprego e crise global da economía e sociedade rural. Por fin, o capital consegue que a produción agraria sexa unha produción industrial máis, e os labregos e labregas quedan reducidos a simples operarios agrarios, pasando a ser na práctica “asalariados” das multinacionais agroalimentarias.
- Perda de coñecemento propio e de independencia que este xera nas sociedades rurais. A riqueza de saberes do rural tradicional, cos seus coñecementos sobre o comportamento animal, os remedios en base a plantas autóctonas, o coñecemento dos ecosistemas propios e da maneira de mantelos e protexelos, todo isto está negado pola produción industrial. Alén da importancia destes elementos como patrimonio cultural histórico, hai que resaltar o seu interese fundamental na procura de métodos ecolóxicos de produción. A produción tradicional, a que facían os nosos avós e avoas, tiña que ser á forza ecolóxica, non só porque non existían os produtos químicos, senón porque tamén había que conservar o medio de produción (a natureza) para os descendentes que ían ter que vivir del. Neste senso, dise da produción tradicional que era “ecoloxicamente racional”. E senón, como explicamos que de súpeto todas as grandes multinacionais farmacéuticas e empresas de sementes están mandando aos seus piratas a roubar coñecemento nas aldeas indíxenas de América Latina? Estes coñecementos son basicamente de tradición oral, polo que a súa perda non será recuperábel na súa maioría. A produción industrial usa ferramentas de alta tecnoloxía. Moitas delas teñen efectos moi pouco visíbeis inicialmente. Por exemplo, a contaminación por nitratos non é algo que os labregos e labregas podían imaxinar, e menos observar por eles mesmos. De alí unha forma de dependencia. Pero a maiores, moitas destas tecnoloxías escapan totalmente ás capacidades de control por parte de labregos e labregas. Por exemplo, que capacidade ten hoxe en día unha labrega para usar as sementes que quixer, ou para realizar os labores que lle apeteza, ou para darlle de comer aos seus animais o que lle veña en gana? Outra forma de dependencia, pois, o labrego, ao ser un simple operario agrario, descoñece o porqué de cada vez máis facetas do seu traballo.

- Corresponde tamén sinalar os cambios de calidades organolépticas dos alimentos. Os alimentos industriais buscan e fornecen uniformidade, levando á desaparición dos sabores propios, que poden ser tamén de utilidade na defensa económica dunha zona e, por suposto, que son un pilar máis da bagaxe cultural dos pobos.

Vemos, pois, que son numerosos os efectos negativos da produción agraria industrial. Cadra no entanto facer fincapé en que esta produción é tanto unha causa deses efectos coma unha consecuencia dos mesmos. A produción industrial favorece un mundo globalizado controlado polo capital; pero tamén hai que dicir que se desenvolve precisamente pola mesma globalización. Polo tanto, debe quedar claro que non se debe culpar, por dicilo dalgunha maneira, aos labregos e labregas do mundo de seren responsábeis dos efectos da produción industrial: eles son, tamén, meros transmisores involuntarios das decisións tomadas polo capital para a súa supervivencia.

2. A PRODUCCIÓN ECOLÓXICA: UNHA NECESIDADE

Chegamos, pois, a unha conclusión lóxica: é preciso reconducir o modelo de desenvolvemento seguido até o de agora, e fomentar un tipo de produción que non xere estes efectos negativos, recuperar, pois, a soberanía alimentar dos pobos. É a esta altura que aparece a produción ecolóxica. No entanto, non todo o que resplandece é ouro: a produción ecolóxica non ten por que significar unha mellora, depende como se faga, e isto percibírono perfectamente as empresas multinacionais.

En efecto, pódese propoñer facer unha produción ecolóxica que só se limite a cambiar os produtos químicos por produtos de orixe natural. Pero, por ser natural un produto é necesariamente menos prexudicial? A resposta é negativa. Moitos produtos de orixe natural son tremendamente perigosos, ou poden selo se se usan a concentracións altas ou de xeito inadecuado. Por exemplo, durante anos empregouse a nicotina, algo presente naturalmente na planta de

tabaco, como insecticida. Dos primeiros usos, que consistían en infusións de tabaco, chegouse a usar produtos con maiores concentracións obtidos con procesos industriais. A nicotina é un insecticida total, que mata os insectos sen diferenciar entre útiles e nocivos. De alí que o seu emprego, a efectos do equilibrio do agroecosistema do que falamos ao comezo, tivera os mesmos efectos ca outros insecticidas químicos. De feito, agora a nicotina non se autoriza en produción ecolóxica. Con este exemplo, vemos como unha produción ecolóxica que simplemente consista en substituír uns insumos convencionais (herbicidas, insecticidas, alimentación animal) por outros naturais, non ten por que mellorar a situación ecolóxica.

Isto é máis certo se nos referimos á dimensión económica. Unha produción ecolóxica que se integre nas mesmas canles comerciais ca produción convencional rematará cos mesmos problemas: baixada de prezos, perda de independencia dos produtores e produtoras etc... Isto é polo que, precisamente, as fábricas de sementes están a desenvolver as súas liñas de sementes ecolóxicas, as de fertilizantes investigan en fertilizantes “naturais”, as empresas químicas desenvolven agrotóxicos “ecolóxicos”. Tamén é a razón pola que as grandes cadeas de distribución xa integran nos seus estantes produtos ecolóxicos, mesmo até ter xa marcas propias.

En canto á dimensión social, se decidimos deixar a produción ecolóxica para as áreas marxinadas, como o pretenderon e seguen a pretender as políticas agrarias desenvolvidas neste país, obviamente non se inverterá a tendencia actual á intensificación da produción nas zonas xa intensivas e á desaparición do tecido rural nas zonas menos intensivas.

De alí a necesidade de diferenciar entre unha agricultura ecolóxica de tipo industrial, que non cambia practicamente nada, e segue tendo os mesmos efectos negativos ca produción convencional, polo menos a medio prazo, dunha agricultura ecolóxica alternativa, que si pretende cambiar cousas. Esta agricultura ecolóxica é a imprescindible, se queremos deixar un mundo habitábel para as nosas fillas e fillos.